

## AXENDA ESCOLAR DO IES DE CURTIS: 25 SEMANA CULTURAL

## VISITA A SANTIAGO DE COMPOSTELA DOS ALUMNOS DE HISTORIA DA ARTE



Este ano cunha temática necesaria: a celebración do acontecemento central da vida cultural e académica do noso centro: o XXV aniversario da Semana Cultural

A nosa gratitude, asemade, para a ANPA e o Concello de Curtis que contribúen a que este proxecto se veña mantendo de xeito ininterrompido desde o curso 1999-2000.



O alumnado de Historia da Arte de 2º BAC coa profesora Cristina Brión realizou, o 15 de decembro, unha visita á Santiago de Compostela para visitar a Catedral, o CGAC, a exposición e o centro histórico.

## CHARLA SOBRE AS VARIETADES DE COGOMELOS E O SEU RECOÑECEMENTO.



O venres día 3 de novembro os alumnos e alumnas de 1º e 2º ESO participamos na charla que o experto, enviado polo concello de Curtis, Chemi Traba, impartiu para poder degustar os cogomeiros da nosa contorna con seguridade.

## DÍA MUNDIAL DA LOITA CONTRA A S.I.D.A.



O día 1 de decembro conmemoramos o día mundial contra esta enfermidade fundamentalmente de transmisión sexual, que está tendo un repunte nos últimos tempos. Toda información e formación como problema de saúde pública é pouca.

## “TE PUEDE PASAR”



O 20 de novembro os alumnos e alumnas de Ciclos Formativos e de FP Básica participaron na campaña de prevención de accidentes “Te puede pasar”, impartido pola Asociación para o Estudo da Lesión Medular Espiñal (AESLEME) promovida polo Departamneto de Orientación para potenciar o labor de concienciación nas prácticas seguras e responsables da condución.

## CONCURSOS DE CABAZAS, COGOMELOS, COLARES, PEÓNS E MAGOSTO. XOGOS DE SEMPRE



O día 10 de Novembro pasamos unha xornada deliciosa cos nosos xogos tradicionais aproveitando o outono despexado. Tamén xogamos no Pabellón Polideportivo. Entregamos os premios o venres 17 ós gañadores e gañadoras dos concursos de cabazas, cogomeiros, colares e peóns.

## TEATRO “DON JUAN TENORIO”, NA CORUÑA

Os alumnos e alumnas de 1º BAC e de FP Básica participamos na coñecida obra, tradicionalmente representada a finais de outubro, no Teatro Colón de A Coruña, sendo esta unha actividade promovida polo departamento de Lingua e Literatura Castelá.

## CORRECCIÓN POSTURAL

Os alumnos e alumnas de 1º de ESO recibimos por parte de técnicos municipais do concello de Curtis unha interesantísima charla sobre como temos que estar sentados nas nosas aulas e evitar e previr dores derivadas de malas posturas nesta etapa do noso crecemento. Foi o día 25 de outubro.

## BECAS DA FUNDACIÓN

### UNIVERSIDADE EMPRESA GALEGA

O día 27 de novembro dirixida ó alumnado de 2º de Ciclos Formativos, houbo unha charla informativa sobre o referente ás becas FEUGA. Actividade promovida polos departamentos de FOL e Orientación

## BLOGUES NO INSTITUTO


No noso centro temos blogues que podedes consultar e descubrir cousas interesantísimas....:

- Biblioteca: <http://sarmientobiblioteca.blogspot.com.es/>
- Filmografía que forma parte dos fondos da nosa biblioteca: <http://curtisdecine.blogspot.com.es/>
- Clube de lectura Fendetestas: <http://clubfendetestas.blogspot.com.es/>
- Orientación: <http://orientatron.blogspot.com.es/>

A nosa páxina do IES de Curtis en Facebook, como complemento informativo á nosa vida escolar e académica, xa operativa: @iesdecurtis e que podedes seguir tamén dun xeito oficial na páxina web do IES: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iescurtis/>.



# CURTIS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO



O pasado 23 de Novembro celebrouse o Día contra a violencia de xénero.

No noso centro sumámonos á conmemoración desta data tan significativa contra esta lacra social con varias actividades:

\*Obradoiros impartidos pola C.I.M. de Curtis para

toda a comunidade educativa.

\* Lectura de poemas e manifesto contra a violencia de xénero.

\* Os carteis gañadores no concurso realizado polo C.I.M. son do noso IES.

\* Photocall conmemorativo.

# CELEBRANDO O DÍA DA CIENCIA EN GALEGO



O día 3 de Novembro celebramos o tradicional Día da Ciencia en Galego. Foi un éxito de participación e unha xornada na que toda a comunidade educativa disfrutou dun xeito lúdico de experimentos científicos e tecnolóxicos.

Foron os seguintes:

-Os monólogos científicos. No Salón de Actos.

-Partes do automóbil (explicación alumnado Ciclo Automoción).

-Experimentos químicos (explicación alumnado 2º de BAC).

-Xogos matemáticos (Biblioteca).

-Exposición no patio cuberto sobre material de laboratorio.

# 1ª XORNADA DA XXV SEMANA CULTURAL: A ÉTICA XORNALÍSTICA



O antigo alumno do IES e xornalista de profesión, Iván Gómez Blanco ofeceu nesta xornada unha interesantísima conferencia que completou a proxección previa do filme “Primeira Plana”. Foi dirixida a 3º e 4º ESO e BAC.

## CALENDARIOS MENSUAIS



O E.N.D.L. está a realizar uns calendarios de aula que ademais de cumprir coa función informativa das AA.EE. son moi bonitos e prácticos.

# 2ª XORNADA DA XXV SEMANA CULTURAL

## “A Constitución de 1978 Posibilidades de futuro” Antolín Sánchez Presedo

Antolín Sánchez Presedo (Betanzos, 5 de abril de 1955) é un político de Galicia, membro do PSDeG-PSOE, e deputado no Parlamento Europeo. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, e Master en Dereito da Unión Europea pola Universidade Carlos III de Madrid.

Foi deputado no Parlamento de Galicia desde a primeira á cuarta legislatura autonómica (1981-1997), e concelleiro da súa cidade natal desde 1979 ata que, en 1983, obtén a alcaldía de Betanzos ao gañar as eleccións municipais por maioría absoluta.

En 1985 foi nomeado Secretario Xeral do PSDeG-PSOE en substitución de Francisco Vázquez, motivo polo que abandona a alcaldía de Betanzos para preparar as eleccións autonómicas que se celebrarían en novembro do mesmo ano.

Con todo, en 1987, o PSDeG-PSOE conseguiu o poder, formando un goberno tripartito con Coalición Galega e o Partido Nacionalista Galego, liderado por Fernando González Laxe. Sánchez Presedo foi nomeado Concelleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas dese goberno, mantendo o cargo ata a vitoria do Partido Popular nas eleccións autonómicas de 1989.

En 1993 foi candidato á presidencia da Xunta de Galicia polo PSDeG-PSOE.


Entre 1993 e 2004 abandonou a política e adicouse ó exercicio da avogacía.

En 2004 regresou á política, sendo elixido deputado no Parlamento Europeo, cargo que ocupou ata 2014.



O día 30 de Novembro o ex-eurodiputado e avogado, Antolín Sánchez Presedo, veu dar unha conferencia sobre este tema de tan candente actualidade.

## RESULTADOS 1ª AVALIACIÓN



Neste curso 2017-2018 celebramos a XXV Semana Cultural do IES de Curtis, e para facer algo diferente imos repartir as actividades ao longo de todo o curso e non só na semana anterior ás vacacións de Pascua, como é tradicional. Así no mes de novembro dedicamos un día á ética xornalística: proxectamos a película “Primera Plana” de 1974, na cal, en ton de comedia, se fai unha crítica ácida ao xornalismo sensacionalista, para a continuación escoitar unha charla do exalumno Iván Gómez (xornalista) quen nos falou de maneira amena e rigorosa da súa experiencia en medios audiovisuais e escritos.

Noutra sesión contamos coa presenza de Antolín Sánchez Presedo, político betanceiro que ocupou diversos cargos na política galega, estatal e europea, quen fixo un repaso da Constitución española desde a primeira do S. XIX ata a actualidade utilizando un estilo pedagóxico que encantou á nutrida concorrencia.

Só me queda convidar a todos os membros da comunidade educativa a contribuír dentro das súas posibilidades ao éxito desta XXV Semana Cultural, e, como non, un recordo moi cariñoso a todos aqueles que colaboraron para facer destas semanas culturais un referente da nosa comarca.

Felices festas a todos.

Juan Carlos Fandiño, Director do IES de Curtis

DIRECTOR: Juan Carlos Fandiño da Torre  
VICEDIRECTOR: Alberto Alonso Güemes  
XEFA DE ESTUDOS: Yolanda Suárez Martínez  
SECRETARIO: José Antonio Paz López  
ORIENTADORA: Eva Sanz Santás

equipo de normalización lingüística IES de CURTIS

IES DE CURTIS  
Rúa Xermán de Castro s/n 15310  
Curtis (A Coruña)  
Tlf 881 880 620 / Fax 881 880 629  
www.edu.xunta.es/centros/iescurtis